


## TEMA 6 - COMENTARIO DA CATEDRAL DE LEÓN

**a.- Identificación: título; autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** Catedral de León. Edificio relixioso do Gótico español pertencente ao Gótico clásico, período de esplendor, que é cando se constrúen as principais catedrais francesas (Chartres, Amiens, Reims...) e españolas (León, Burgos, Toledo...). Segunda metade do século XIII. Autor: o mestre Enrique, que interviñera con anterioridade na Catedral de Burgos, e o seu meritorio traballo nesta construción fixo que fora contratado para realizar a Catedral de León. Localización: León. Material: pedra.

**c.- Analiza e comenta a obra:** León ten a Catedral máis francesa de todas as catedrais góticas españolas, con influxos das catedrais de Amiens, Chartres e, sobre todo, de Reims (este último influxo maniféstase especialmente na cabeceira e nas vidreiras). A Catedral de




León é a máis luminosa das catedrais góticas hispanas e a que posúe as vidreiras máis fermosas.

A súa **planta** é de cruz latina, como no Románico, pero con destacadas innovacións: o presbiterio acada máis profundidade; presenta tres naves tanto no brazo maior como no transepto; este último sitúase máis abaixo que nas igrexas románicas, é máis curto e máis ancho e sobresaia da planta na parte inferior pero non na superior pois o brazo maior continúa despois do transepto con cinco naves. Presenta una cabeceira enorme, cun deambulatorio no que se abren cinco absidiolos pentagonais.).

No **interior** a **luminosidade** da nave central é impresionante, ao igual que a súa verticalidade. Como nas catedrais góticas se busca a verticalidade, emprégase o **arco apuntado**, que tamén se usa pola distribución que fai dos empuxes verticais. Na Catedral de León utilízase o modelo máis simple de bóveda de cruzaría, a cuadrupartita

**Soportes:** triúnfa o **piar de baquetóns** con columnas adosadas; é un piar moito máis alto e esvelto que o composto románico e con columnas moi finas e estilizadas que




Bóveda de cruzaría cuadrupartita

Piar de baquetóns

se chaman baquetóns. Os capiteis das columnas presentan decoración vexetal naturalista.


Sistemas de contrarresto: para conseguir que o

muro fose substituído por vidreiras, o esencial era contrarrestar o peso das bóvedas de cruzaría (en concreto das da nave central, moi grandes e altas) que exercen empuxes verticais e laterais. O contrarresto dos empuxes verticais realízase da seguinte maneira: os nervios sosteñen a bóveda e canalizan os seus empuxes cara a abaixo, a



columnas e píares, que trasladan o peso ao chan. Os empuxes laterais contrárréstanse exteriormente cos arcobotantes que levan o peso a grosos contrafortes que o trasladan ao chan. Este sistema permitirá liberar ao muro da súa función sustentante polo que queda reducido ao seu mínimo grosor e nel pódense abrir grandes vidreiras de cores: o resultado é unha construción lixeira e chea de luz. O contraste cos muros grosos dos interiores románicos é evidente, permitindo o gótico a consecución de espazos moito máis versátiles e flexibles.

Os paramentos internos, é dicir, os muros que delimitan a nave central, están divididos en tres pisos: o primeiro con arcos apuntados formeiros que se apoian sobre columnas pegadas a píares; no segundo, o triforio (carece de tribuna), detrás do cal aparecen vidreiras (que permiten unha maior entrada de luz na nave central); no terceiro sitúase o claristorio. Tanto nos arcos como nas vidreiras aparece unha típica decoración gótica, a tracería. En León as tracerías son pouco complexas con dous pequenos arcos na parte inferior (lancetas) e enriba decoración en forma de trebo ou cadrifolio.



O conxunto de vidreiras é o máis importante da Península Ibérica e un dos máis importantes do mundo, só por detrás dalgunha catedral francesa como a de Chartres, e cumpre unha función pedagóxica ao desenvolver un extenso programa iconográfico.

Exteriormente, a Catedral de León vista no seu conxunto adquire un aspecto monumental sobresaíndo con respecto ao resto dos edificios urbanos, especialmente pola súa verticalidade e lixeireza. Por calquera parte pola

que abordemos unha Catedral gótica atopamos unha profusa decoración (horror vacui): trazaría, pináculos: remates situados enriba dos contrafortes, que teñen un sentido decorativo e construtivo (este último porque afianzan o contraforte no chan), e axudan a potenciar a verticalidade do edificio; cresterías: especie de pinchos cos que rematan gabletes, frontóns, agullas, pináculos... Por enriba dos arcobotantes soen ir canles (para conducir a auga que cae desde os tellados ata o chan) que rematan en figuras de animais fantásticos chamadas gárgolas a través de cuxas bocas a auga cae ao chan; as gárgolas aparecen tamén noutras zonas do exterior das catedrais.



A fachada occidental ou principal é a máis destacada: Reponde ao tipo de fachada frances en forma de "H", pero cunha solución bastante orixinal, pois as torres que a flanquean non aparecen pegadas á fachada senón separadas pero unidas a aquela a través de arcobotantes que saen da nave central e levan o peso da súa bóveda de cruzaría cara ás torres; debaixo dos arcobotantes observamos que non hai tribuna. Os remates das torres, en chapiteis (tellados puntiagudos), son dos séculos XIV e XV.

A fachada divídese en tres rúas e tres pisos:

- Primeiro piso: tres portadas con arcos sen gabletes; os tímpanos están situados a moita profundidade. O pórtico central presenta no parteluz a figura da Virxe Branca e no tímpano tratan o tema do Xuízo Final, presidido por Xesucristo amosando as chagas da paixón. O



pórtico lateral esquerdo acolle escenas do ciclo da Natividade. O pórtico lateral dereito adícase á Virxe, onde se representa no tímpano en dous niveis a morte da Virxe e a súa coroación.



-Segundo piso: na parte central, un grande rosetón, e nas laterais, ao non existir tribuna, aparecen só os arcobotantes.

- O terceiro piso, co seu gablete triangular, é froito dunha restauración do século XIX.